

## PROCEDIMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROFESORADO TITULAR DE UNIVERSIDADE NO ANO 2017

En aplicación do acordo de Consello de Goberno de 22 de novembro de 2017 referente á convocatoria da Oferta de Emprego Público do Persoal Docente e Investigador, a Universidade de Vigo pode convocar 20 prazas de profesorado titular de universidade.

Co fin de seleccionar as áreas de coñecemento nas que se convocarán sete destas prazas, o Consello de Goberno de 21 de marzo 2018, aproba os seguintes criterios:

Para esta convocatoria, só se considerarán as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2016 tivese a condición de profesorado contratado doutor.


- 1) Para seleccionar as áreas nesta convocatoria, ordenaranse todas as áreas nas que existan solicitantes en función dun indicador  $Q$  que relaciona a carga docente da área no curso 2017/18 co total de PDI funcionario da área. O cálculo do indicador  $Q$  realízase como segue:

$H$  = horas de docencia impartida pola área no POD do curso 2017/18, contabilizadas na data de aprobación destes criterios en Consello de Goberno

$C = H/100$

$F$  = nº de PDI funcionario (CU, TU, CEU, TEU) da área

$Q = F/C$



O valor de  $Q$  empregarase con 2 cifras decimais.

- 2) No caso de que o número de profesoras/es a tempo completo da área (considerando profesorado funcionario, contratado doutor, contratado doutor interino, axudante, axudante doutor e as persoas contratadas dentro do PIAXDR) sexa inferior a 6, calcularase o indicador  $Q$  no conxunto de áreas agrupadas nas comisións de acreditación según o ANEXO 1 do RD 415/2015 (BOE 17 de xuño de 2015) á que pertenza dita área. No caso de empate entre áreas neste suposto, aplicarase o coeficiente  $Q$  individualizado por área, nos termos previstos no apartado 1).
- 3) Seleccionaranse as sete primeiras áreas da lista ordenada de menor a maior valor de  $Q$  garantindo unha praza por ámbito, sempre que existan solicitudes. No caso de empate no indicador  $Q$  terá preferencia a área con máis carga docente.

No caso de existir máis dunha solicitude por área de coñecemento, recalcularase o valor de  $Q$  como resultado da primeira asignación, é dicir, incluíndo a praza xa asignada.

### Procedemento

Delégase na Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) a selección das áreas resultantes da aplicación destes criterios e a creación das prazas correspondentes.

As prazas asignaranse ao campus ao que pertenza a persoa solicitante. No caso de haber solicitantes de varios campus nunha mesma área, aplicarase o cálculo por separado aos campus, e resultará seleccionado aquel con menor valor de  $Q$ .

En caso de empate entre campus, empregarase o criterio de desempate por xénero, (calculando o cociente entre o nº de TU do mesmo xénero que a persoa solicitante e o total de TU da área de coñecemento no campus, e seleccionarse o de menor cociente). De persistir o empate, desfarase aplicando sucesivamente os criterios de maior antigüidade na acreditación, maior antigüidade como profesorado permanente na Uvigo e maior idade.

### **Formalización de solicitudes**

As solicitudes presentaranse no modelo do Anexo I. Xunto coa dita instancia deberá achegarse copia da certificación da acreditación para Profesorado Titular de Universidade.

A publicación nos rexistros xerais da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 39/ 2015. Simultaneamente serán publicados na WEB da Universidade de Vigo.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral (Edificio Xerencia-Servizos Centrais, Campus Universitario 36310-Vigo), nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, campus de Pontevedra e Rúa Torrecedeira nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015. No estranxeiro, as solicitudes poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

O prazo de presentación de solicitudes será do **22 de marzo ao 13 de abril de 2018**.

Vigo, 21 de marzo de 2018

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado

Por **suplencia** (RR 25/01/2018)

O vicerreitor de Economía e Planificación



José Manuel García Vázquez